



MEMORIA XUSTIFICATIVA

Expediente núm.: Exp.2024/C003/000006

Procedemento: Contrato de obras por Procedemento aberto simplifícadísimo ou sumario

Asunto: Execución do proxecto básico e de execución das obras de “*Renovación do alumeadado público no parque empresarial de Vimianzo*”.

Documento asinado por: Alcaldía

Redáctase esta memoria para dar cumprimento ás esixencias legais establecidas no art. 63.3 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) e se xustifican os aspectos que se detallan nos artigos 28, 99 e 116 de dita Lei.

1.Obxecto do contrato: a execución do proxecto de obras denominado “*Renovación do alumeadado público no parque empresarial de Vimianzo*”.

2.Necesidade e idoneidade do contrato: xustifícase a necesidade de contratación de conformidade co art.28 da LCSP pola obrigatoriedade que se establece na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local aos municipios de prestar servizos de alumeadado público, neste caso no polígono co fin de reducir o aforro enerxético.

Tendo en conta que o obxecto do contrato son obras que se determinan como servizos básicos na LBRL, enténdese xustificada a licitación desta contratación.

3. Nomenclatura CPV:

4531600-6 (Instalación de equipo de alumeadado exterior)

4. Valor estimado do contrato: 54.179,72 euros.

Os custos veñen xustificados no proxecto.

5. Consignación orzamentaria: 165.61900(proxecto 2024/2/SBX24/2)

De ser o caso, para o resto dos exercicios, quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

6. Lotes: conforme ao establecido no art.116 da LCSP indícanse as principais razóns polas que se entende que o contrato non se debe subdividir en lotes:

Segundo o establecido no informe da técnica de urbanismo de data 15/07/2024, que sinala: “(..)La instalación de iluminación pública del Parque Empresarial aconseja ser tratada como una única obra, lo que proporciona sinergias y economías de escala al poder disponerse de un único cuadro de mando para una instalación con solicitación de carga eléctrica homogénea (...)”

7. Procedemento de licitación: Aberto simplifícadísimo ou sumario, por razón da contía (art.159.6 da LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que os investimentos deben estar xustificadas, o 30/10/2024, de conformidade coa a Resolución da Consellería de Economía e Industria, en relación ás axudas para á habilitación e mellora de



infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia (publicada no DOG núm. 14, do 19/01/2024), que cofinancia a execución do proxecto obxecto de licitación.

8. Tramitación: ordinaria

9. Prazo de execución: 3 meses. No obstante ao estar a contratación financiada con cargo á antedita axuda; os investimentos teñen que estar xustificadas antes do 30/10/2024; o adxudicatario deberá comprometerse a executar a obra antes do día 24/10/2024, agás que se concedese prórroga do prazo de xustificación. Neste caso estaríase a esta última data circunstancia que se comunicaría ao adxudicatario.

10. Prórroga do contrato: non se prevé.

11. Revisión de prezos: non procede

12. Garantía provisional: non se esixe

13. Garantía definitiva: non se esixe

14. Solvencia:

Clasificación (non esixible):

Grupo I ; Subgrupos 1; Categoría 1

En virtude do establecido no art. 159.6 b) da LCSP exímese aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

15. Criterios de adxudicación:

Á vista do obxecto do contrato e tendo en conta o tipo de procedemento de licitación, óptase por valorar o seguinte:

-Criterios avaliados mediante fórmulas:

- A oferta económica: Valórase de 0 ata 60 puntos (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a fórmula elaborada, a pedimento da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo II (fórmula 2020) e na seguinte ligazón: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/valoracion/formula>.

Con este criterio preténdese acadar unha maior eficiencia nos recursos públicos obtendo a mellor oferta calidade-prezo que cumpra cos parámetros mínimos para a realización da obra.

- Incremento de prazo de garantía: Valórase de 0 ata 40 puntos, do seguinte xeito:
 - Ampliación en 12 meses a maiores do prazo mínimo (1 ano): 10 puntos
 - Ampliación en 24 meses a maiores do prazo mínimo (1 ano) : 20 puntos
 - Ampliación en 36 meses a maiores do prazo mínimo (1 ano) : 30 puntos
 - Ampliación en 48 meses a maiores do prazo mínimo (1 ano) : 40 puntos

O prazo máximo a oferta é de 48 meses a maiores do prazo mínimo (1 ano) valoraranse como cero as propostas que superen os 48 meses.



Con este criterio preténdese aumentar a calidade da obra con posterioridade á execución do contrato.

Todos eles na busca dunha mellor oferta calidade prezo, facendo posible a través da inversión, políticas públicas materilizadas nunha contratación necesaria, de calidade e eficiente.

16. Condicións especiais de execución:

Con respecto ás condicións especiais de execución do contrato, ao tratarse dun contrato de obras, ao abeiro do art. 202 da Lei 9/2017, considerase conveniente ter en conta consideracións de tipo social (convenios colectivos e condicións de seguridade e saúde no traballo).

17. Órgano de contratación: Alcaldía, segundo a Disposición Adicional segunda da LCSP.

18.. Mesa de contratación: A súa composición será a seguinte:

- D.Victor Manuel Muíño Ramos, concelleiro de Medio Rural, Medio Ambiente, Servizo de Augas e Parque empresaria

Suplente:D.Manuel Pose Tomé, concelleiro de Ornato municipal, protección civil e hostalaría.

Vogais:

-D.Francisco Javier Novoa Juiz, secretario do concello ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal letrado.

-D. Francisco Fernández Armada, interventor ou funcionario que legalmente o substitúa, vogal interventor.

-D. Julio Vázquez Rodríguez, arquitecto municipal do servizo de urbanismo.

Suplente: D^a. Bielca Gonzalez Ramos, técnica do servizo de urbanismo.

Secretaria:

-D^a.Ivanna Vidal Domínguez, técnica de xestión da área de xestión administrativa ou funcionario que legalmente o substitúa.

19. Responsable do contrato: o director facultativo de conformidade co establecido no art. 62.2 da LCSP.

O que asino en Vimianzo.

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado dixitalmente)